

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE OUTUBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLE.-

LAP/480/2016.- ANA FERNÁNDEZ SOTELO.- Conceder licenza de obras para instalación de explotacións de gando porcino e vacún no lugar de Nemenzo de Arriba s/n.

LIC/1608/2016.- ABECONSA, S. L.- Conceder licenza para construción dun edificio destinado a 22 vivendas de planta soto, baixa + 4 + baixo cuberta na rúa de Manuel Beiras.

LIC/1129/2017.- CONCEPCION CODESIDO BARREIRO.- Conceder licenza para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita en Lugar de Silvouta, 58.

DESFAVORABLE.-

LIC/1809/2016.- JOSÉ MANUEL PEREIRA ARCA.- Denegar a licenza para a parcelamento dunha parcela sita no lugar de Carballal nº 18.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación de licenza para a parcelamento dunha parcela sita no lugar de Carballal, nº 18. LIC/1809/2016. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza de obras para instalación de explotacións de gando porcino e vacún no lugar de Nemenzo de Arriba, s/n. LAP/480/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita en Lugar de Silvouta, 58. LIC/1129/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dun edificio destinado a 22 vivendas de planta soto, baixa + 4+ baixo cuberta na rúa de Manuel Beiras. LIC/1608/2016. Apróbase a proposta

5.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta

99.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas. Apróbase o proxecto, cun orzamento base de licitación de 165.261,28 euros, IVE incluído. Desa cifra, 124.955,89 euros corresponden á fase I da actuación e serían achegados polo Concello; e 40.305,39 euros corresponden á fase II e serían achegados pola Consellería de Educación. O proxecto prevé un prazo de execución de tres meses para cada fase, e ambas obras deben executarse simultaneamente.

100.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da xustificación da subvención da Xunta de Galicia para mantemento e reforzamento do servizo de Normalización Lingüística 2017. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á suscripción dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2017. Acórdase a aprobación do convenio, que ten como obxecto establecer a colaboración entre o Concello, a través da Axencia Local de Colocación, e COGAMI para o desenvolvemento dun programa experimental de emprego. Apróbase o gasto de 15.000 euros para a execución do convenio.

2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 29 de setembro de 2017 relativo á aprobación das bases da convocatoria de premios do concurso de ideas e procesos colaborativos para o emprego (INDEA) 2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da substitución dunha serie de vehículos adscritos ao transporte colectivo urbano de viaxeiros. Acórdase aceptar a solicitude realizada pola empresa TRALUSA e autorizar a substitución de cinco vehículos adscritos ao transporte urbano.

4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativo á modificación do acordo de Xunta de Goberno Local de 11 de agosto de 2017 relativo á aceptación da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a execución de diversas accións formativas dirixidas a persoas desempregadas. Apróbase a proposta.

5.-Recoñecemento de obrigas-. Apróbase a proposta